

## **Convenio de panadarías da provincia de Ourense (Ano 2004)<sup>1</sup>**

### Capítulo I

#### Normas xerais

##### Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

No aspecto territorial este convenio afectará a todas as empresas situadas na provincia de Ourense, rexidas pola Regulamentación nacional de panadarías, sen outra excepción que aquelas que se rexan por convenios colectivos de ámbito de empresa, sempre e cando estes sexan superiores globalmente ás deste convenio.

##### Artigo 2º.-Ámbito persoal.

O convenio afectará a totalidade do persoal que presta os seus servizos nas empresas encadradas na industria de panadaría, coa excepción seguinte: o persoal que efectúe traballos de alta dirección ou alta xestión na empresa.

##### Artigo 3º.-Vixencia.

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e os efectos económicos retrotraeranse ao 1 de xaneiro de 2004.

##### Artigo 4º.-Duración.

A duración deste convenio será ata o 31 de decembro de 2004, prorrogado pola tácita recondución sempre que non sexa denunciado de acordo cos preceptos legais, cun aviso previo de tres meses (artigo 85.2º e), segundo o Estatuto dos traballadores). Á finalización deste convenio manterán a súa vixencia todas as súas cláusulas ata a entrada en vigor do seguinte.

##### Artigo 5º.-Compensación e absorción.

As condicións que se establecen neste convenio son compensables e absorbibles en cómputo anual, conforme a lexislación vixente, respectándose as situacións persoais en igual forma.

##### Artigo 6º.-Xornada de traballo.

Serán 40 horas semanais, dispoñendo de 15 minutos durante a xornada de traballo para comer o bocadillo, que se contabilizarán como traballo efectivo.

### Capítulo II

#### Retribucións

Artigo 7º.-Táboa de retribucións que se vai aplicar desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2004.

- Oficial de pa: 22,27 A diarios.
- Oficial de masa: 21,69 A diarios.
- Oficial de mesa: 21,27 A diarios.
- Axudante: 20,74 A diarios.
- Mordomo: 21,68 A diarios.
- Portador de pan a despachos: 21,28 A diarios.
- Repartidor de pan a domicilio: 20,02 A diarios.
- Oficial administrativo: 690,79 A mes.
- Chofer repartidor: 22,27 A diarios. (1)

(1) Enténdese chofer repartidor aquel que se despraza a distintas localidades.

a) Aboaranse 42 euros nos meses traballados en concepto de servizo nocturno, sendo proporcional aos días traballados durante o mes.

---

<sup>1</sup> Publicado no DOG núm. 156, do 12 de agosto de 2004.

b) Aboarase a cantidade de 13 euros nos meses traballados en concepto de gratificación de horario. (Os puntos a) e b) son para efectos do persoal de elaboración).

c) Os traballadores terán dereito a percibir 1 kg de pan diario, incluídos os períodos de vacacións, baixa por enfermidade e accidentes. O valor do kg de pan para efectos de cotización á Seguridade Social será de 0,60 A.

Artigo 8º.-Pagas extraordinarias.

De vencemento superior ao mes. As gratificacións extraordinarias de Nadal e xullo, así como a de Santo Honorato serán equivalentes ao importe dunha mensualidade cos seguintes conceptos: salario base, beneficios e antigüidade. Cada gratificación será a salario real que para cada categoría se establece neste convenio.

As pagas de xullo e Nadal cobraranse integramente, a pesar de existir período de incapacidade temporal.

Artigo 9º.-Vacacións.

Todos os produtores desfrutarán de 30 días naturais de vacacións ao ano; a súa contía será dunha mensualidade a salario real.

As vacacións desfrutaranse durante 15 días continuos entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, desfrutándose os restantes días segundo o disposto no Estatuto dos traballadores, artigo 38. As vacacións serán comunicadas con dous meses de antelación.

Artigo 10º.-Retribución día de Santo Honorato.

Aboaranse a cada traballador 24,10 A polo día de Santo Honorato (16 de maio).

Non se considerará festivo o dito día coa excepción de se o fose pola natureza do día.

Capítulo III

Outras disposicións

Artigo 11º.-Roupa de traballo.

As empresas dotarán o seu persoal de roupa adecuada ao posto de traballo que desempeñen, a cal só poderá ser usada durante a xornada laboral.

As pezas serán entregadas, unhas cando sexa asinado o convenio e as outras aos seis meses.

Se non foran entregados os xogos de roupa de traballo aboaranse a razón de 3,01 A mensuais, aínda que será preceptivo a reclamación previa das pezas de roupa de traballo ante o SMAC.

Artigo 12º.-Período de proba.

Seguirase o disposto na lexislación xeral vixente sobre esta materia.

Artigo 13º.-Paga de beneficios.

Os traballadores de obradoiro ou fábrica dedicados á elaboración do pan, tal e como se sinala na Regulamentación de traballo de panadarías (orde ministerial do 12 de xullo de 1946) percibirán mensualmente, en concepto de paga de beneficios, o importe correspondente ao 15% do salario base deste convenio.

Artigo 14º.-Revisión salarial.

Os salarios que figuran no artigo 7º deste convenio serán revisados anualmente consonte o índice de custo da vida publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 15º.-Licenzas e permisos.

Corresponderá permiso retribuído a soldo real nos seguintes casos:

a) Matrimonio ou constituírse en parella de feito: 15 días naturais.

b) Matrimonio de fillos ou fillas: 1 día natural.

c) Parto de esposa ou convivente: 3 días naturais.

d) Enfermidade grave, hospitalización ou accidente de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 2 días naturais e catro no caso de desprazamento fóra da provincia.

e) Por falecemento de cónxuxe: catro días naturais.

f) Por falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade: tres días naturais ou catro cando o desprazamento sexa fóra da provincia.

g) Por traslado de domicilio: 1 día.

Artigo 16º.-Atrasos.

Os atrasos pagaranse nunha mensuralidade, que se fará efectiva no mes seguinte á sinatura do convenio.

Artigo 17º.-Festivos.

Descansarase os domingos e festivos coa excepción de dous, como máximo, que coincidan con festas locais do concello onde está radicada a empresa, tendo en conta o disposto no artigo 12 da Lei 10/1988 (Lei de comercio de Galicia).

Queda establecido neste convenio a total prohibición de venda, fabricación, distribución de pan, pans especiais e doces; o peche dos seus establecementos será obrigatorio os domingos e días sinalados. Tanto a parte social como a económica teñen formada unha comisión de vixilancia que, a través dos seus representantes acreditados, denunciará a todos aqueles industriais que infrinxan os acordos deste convenio á Consellería de Traballo, por medio das súas delegacións provinciais.

Ao publicarse este convenio no BOP, reunirase a comisión paritaria co obxecto de analizar e adoptar as medidas legais oportunas que procedan a través do organismo correspondente, para que se respecte a prohibición de venda, fabricación e distribución de pan os domingos e festivos, de conformidade co sinalado neste artigo e tratar de erradicar no posible a competencia desleal que supón para as demais empresas que respectan o dito descanso.

Os membros da comisión negociadora do convenio de panadarías de Ourense consideramos que a vulneración do descanso en domingos e festivos, previsto neste artigo, debe considerarse como falta grave no seu grao máximo, de acordo co disposto na Lei de infraccións e sancións na orde social. Igualmente, a reincidencia deberá considerarse como falta moi grave para os efectos da sanción que corresponde á dita falta.

Artigo 18º.-Antigüidade.

Co fin de fomentar a vinculación coa respectiva empresa do persoal que actúe na industria panadeira, establécense aumentos periódicos por tempo de servizo dentro da propia empresa para todo o persoal afectado polo convenio, nas seguintes proporcións: dous bienios do 5% e catro quinquenios do 10% sobre o salario base.

A acumulación de incrementos por antigüidade non poderá supoñer máis do 50% do salario base. Aqueles traballadores que o 1 de xullo de 1999 perciban cantidade superior ao 50%, manterán esa contía.

Artigo 19º.-Comisión paritaria.

Créase unha comisión mixta composta por un presidente, dous vogais pola parte empresarial e dous pola parte social, cos seus respectivos suplentes.

Serán elixidos os vogais entre os membros da comisión deliberadora.

Artigo 20º.-Formación.

A comisión a que se alude no artigo anterior impulsará de forma inmediata ante os organismos competentes a creación de cursos de formación profesional orientados á especialización dos traballadores do sector.

#### Artigo 21º.-ILT.

Os traballadores afectados por este convenio, no caso de accidente laboral ou enfermidade con hospitalización, serán remunerados normalmente ao 100% do seu salario normal desde o día da súa hospitalización, sendo por conta da empresa a diferenza entre a cantidade cobrada, segundo as disposicións da Seguridade Social, e o salario en situación de alta.

Tamén aboará a empresa o 100% do salario real no caso de enfermidade desde o 20º día de baixa.

#### Artigo 22º.-Póliza de accidentes.

As empresas están obrigadas a concertar, con primas íntegras ao seu cargo, no prazo de tres meses a partir da contratación dun traballador, unha póliza de seguros para a cobertura e para os riscos de falecemento ou incapacidade permanente absoluta derivada de accidente de traballo, incluídos os in itinere, que lle garanta ao traballador accidentado ou aos seus habentes-causa a percepción das seguintes indemnizacións:

-12.020,24 euros en caso de morte.

-15.025,30 euros en caso de incapacidade para todo tipo de traballo e invalidez absoluta.

A referida póliza só abarcará os procesos iniciados a partir da vixencia e validez dela.

Esta compensación é compatible coa pensión ou indemnización que poida causar o traballador na Seguridade Social ou montepío.

Malia o exposto anteriormente, a indemnización que sexa percibida con cargo a contrato de seguro de accidente que voluntariamente se contén neste convenio, considerarase como entregada á conta da indemnización que, se é o caso, puideran declarar con cargo ás empresas os tribunais de xustiza, unha vez exista decisión definitiva, sobresemento ou renuncia de accións.

#### Artigo 23º.-Premio por antigüidade.

Aqueles traballadores que leven polo menos 10 anos de traballo na empresa e causen baixa nela de forma voluntaria a partir dos 60 anos e ata os 64 anos, terán dereito a desfrutar de vacacións retribuídas de 180 días os que cesen aos 60 anos, de 120 días os que cesen aos 61 anos, de 90 días os que cesen aos 62 anos, de 60 días os que cesen aos 63 anos e de 30 días os que o fagan aos 64 anos.

O desfrute das ditas vacacións retribuídas será efectivo coa correspondente antelación ao cesamento efectivo na empresa, debendo comunicarlle o traballador de forma fidedigna a súa decisión de cesar voluntariamente.

A empresa entregaralle ao traballador que solicite o premio de vacacións un certificado acreditativo do desfrute delas, no que se fará constar o número de días a que ten dereito.

O desfrute deste premio é compatible co complemento de antigüidade previsto no artigo 28º.

#### Artigo 24º

Interromperanse as vacacións cando, por causa de enfermidade ou accidente, sexa necesaria a hospitalización do traballador, sendo a súa interrupción polo tempo que dure a hospitalización.

#### Artigo 25º.-Definición de categorías profesionais.

a) Oficial de pa. Será aquel traballador que verificará as funcións inherentes á cocción, comezando pola posta a punto do forno para o aforramento do pan, a realización deste, o coidado dos aparellos

necesarios para o labor forneiro, así como o funcionamento das caldeiras de vapor e contidos necesarios.

Adquirirán a categoría profesional de oficial de pa aqueles traballadores que teñan unha antigüidade na empresa de polo menos oito anos.

b) Oficial de masa. É o traballador que ten ao seu cargo os traballos de amasado e preparación de levaduras, coidando, así mesmo, de vixiar o bo funcionamento e estado das amasadoras, efectuando a limpeza ou encargándose de que o verifiquen axudantes ou aprendices baixo a súa vixilancia.

Adquirirán a categoría profesional de oficiais de mesa aqueles traballadores que teñan unha antigüidade na empresa de polo menos seis anos.

c) Oficial de mesa. É o traballador que ten como función primordial a tinguidura ou a confección de pezas de pan, entaboamento delas, así como a división cando se utilicen ou non procedementos mecánicos de división.

Adquirirán a categoría profesional de oficial de mesa aqueles traballadores que teñan unha antigüidade na empresa de polo menos tres anos.

d) Axudante. É o traballador que acredita a súa suficiencia, pasados dous anos como mínimo de aprendiz na industria, e ten o cometido de auxiliar indistintamente ao oficial de pa e ao de mesa ou nos labores de confección de pezas, para alcanzar unha perfección nos seus coñecementos que lle permita ocupar postos de categoría superior.

Os traballadores anteriormente mencionados, no momento en que os seus cometidos propios llelo permitan, axudarán os traballadores encargados da confección das pezas de pan, entaboamento delas e aseo da panadaría.

Adquirirán a condición de axudantes os traballadores que teñan unha antigüidade na empresa de polo menos dous anos.

e) Peón. É o traballador maior de 20 anos encargado de efectuar os labores para os que se requira predominantemente a achega de esforzo físico, como traslado e carrega de fariña, amoreamento desta, leña, carbón e ocupacións similares.

Artigo 26º.-Mobilidade funcional.

Con independencia da adquisición da categoría profesional polo transcurso do tempo sinalado no artigo anterior, todo traballador terá dereito ao ascenso a unha categoría superior se, como consecuencia da mobilidade funcional, este viñese realizando funcións de categoría superior ás da súa categoría profesional, por un período superior a seis meses durante un ano ou oito meses durante dous anos; neste caso o traballador ascenderá automaticamente á categoría profesional correspondente ao traballo que viñese realizando no dito período, tal e como sinala o artigo 39 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

A empresa poderá encomendar aos seus traballadores a realización de cometidos de categoría profesional inferior á súa por razóns técnicas, organizativas ou de produción que o xustifiquen e polo tempo imprescindible para a súa realización, tal e como se sinala igualmente no artigo 39 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Artigo 27º.-Empresas de traballo temporal.

As empresas afectadas por este convenio, cando contraten servizos de empresas de traballo temporal, garantirán que os traballadores postos á súa disposición teñan os mesmos dereitos laborais e retributivos que lles correspondan aos traballadores do ámbito de aplicación deste convenio colectivo ou pacto de empresa, se é o caso. Esta obriga constará expresamente no contrato de posta á

disposición formalizado entre a empresa de traballo temporal e a empresa usuaria que estea vinculada a este convenio.

Non se poderán contratar os servizos das empresas de traballo temporal para a realización das tarefas habituais. Só se poderán utilizar no caso de:

- a) Cubrir incapacidades temporais (IT).
- b) Situacións extraordinarias.

Artigo 28º.-Revisión médica.

Todo o persoal comprendido neste convenio terá dereito a efectuar unha revisión médica anual. A revisión será por conta da empresa e os resultados do recoñecemento médico entregaranse aos traballadores/as.

Artigo 29º.-Contratación.

O contrato de duración determinada da modalidade de eventual por circunstancias da produción, acumulación de tarefas ou excesos de pedidos, regulado polo artigo 15.1º b) do Estatuto dos traballadores, segundo a redacción establecida pola Lei 63/1997, poderá ter unha duración máxima de 13 meses e medio dentro dun período máximo de 18 meses.

Esta duración máxima será aplicable tanto aos novos contratos desta modalidade asinados a partir da entrada en vigor deste convenio como ás prórrogas dos contratos de traballo vixentes antes da súa entrada en vigor.

Artigo 30º

As partes asinantes deste convenio son: Asociación de Empresarios de Panaderías, Confederación Intersindical Galega (CIG) e Unión Xeral de Traballadores (UGT).

Disposición transitoria

Será nulo calquera pacto producido no ámbito de aplicación deste convenio que non respecte os mínimos garantidos con carácter xeral no seu réxime salarial.

Disposición derradeira

No non previsto neste convenio seguirase o disposto nas disposicións de xeral aplicación.